g	B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas. B4.11. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico. B4.12. As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.	partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	tomando como referencia obxectos familiares.	CCL			
			MTB4.5.2. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oríentase no espazo.	CMCT CAA CCL	3º	4%	2%
b g	B4.13. Perímetro das figuras planas. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento.	CMCT CAA	3º	3%	1'5%
			MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CAA CSIEE	3º	3%	1'5%
BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE							
b g	B5.1. Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, observación e medición. B5.2. Lectura, interpretación e elaboración de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá. B5.3. Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos. B5.4. Realización de gráficos sinxelas: pictogramas, diagramas de barras.	B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.	CMCT CAA	3º	3%	1'5%
			MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.	CMCT CAA	3º	3%	1'5%
			MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.	CMCT CAA	3º	3%	1'5%

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

OBX.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL							
e j	B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas. B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.	B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita.	CCL CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.	CCL CCEC	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.	CCL CCEC	1º 2º 3º	3%	1'5%
e j	B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas. B1.4. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo.	B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.	CCL CCEC	1º 2º 3º	3%	1'5%
			EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	CCEC CCL	1º 2º 3º	3%	1'5%

OBX.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
j b	B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas. B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeira etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.	B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.	CCEC CCL	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.	CCEC CCL	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB1.3.3. Diferenza e reconece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.	CCEC CCL	1º 2º 3º	4%	2%
j a b	B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais. B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto.	B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.	CCEC CSC CCL	1º 2º 3º	3%	1'5%
			EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.	CCEC CSC CAA	1º 2º 3º	3%	1'5%
			EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.	CCEC CSC CD	1º 2º 3º	3%	1'5%
			EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas.	CCEC CSC CCL	1º 2º 3º	3%	1'5%
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA							

OBX.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
j b	B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas. B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos. B2.3. Construción de estruturas con volume.	B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%

OBX.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
			EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.	CCEC CMCCT	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.	CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
			EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas.	CCEC CMCCT	1º 2º 3º	4%	2%
a j	B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron. B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.	B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	CCEC CSC	1º 2º 3º	5%	2'5%
a c	B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo. B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais.	B2.3. Respetar e valorar o traballo individual e en grupo.	EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.	CSC CCEC CAA	1º 2º 3º	4%	2%
j i	B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.	B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e	CCEC CD	1º 2º	3%	1'5%

OBX.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
	B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).	creacións propias ou colectivas.	artístico.		3º		
			EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	CCEC CD	1º 2º 3º	3%	1'5%

ÁREA DE VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

OBX.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA							
m k	B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva.	B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	VSCB1.1.1. Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.	CSC CSIEE	1º	2%	1%
			VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.	CSC CCL	1º	2%	1%
m	B1.3. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos	B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal	B1.2. Construír o estilo persoal	CSC	1º	2%	1%
	VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.		VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal	CCL CSIEE			
a m	B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.	B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión.	CSC CSIEE	1º	2%	1%
	B1.5.O autocontrol. A regulación dos sentimentos.		VSCB1.3.2. Realiza un adecuado	CSC	1º	2%	1%

OBX.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
	As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.		recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.	CSIEE			
			VSCB1.3.3. Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	CSC CSIEE CCL	1º	2%	1%
b m	B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.	CSC CSIEE	1º	3%	1'5%
			VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	CSC CSIEE	1º	2%	1%
			VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.	CSC CAA CSIEE	1º	2%	1%
m	B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.	B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.5.1. Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	CSC CSIEE	1º	2%	1%
a	B1.8. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros.	B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.	CSIEE CSC	1º	2%	1%
			VSCB1.6.2. Define e formula claramente	CSC	1º	2%	1%

OBX.	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
			problemas de convivencia.	CCL			
b	B1.9. A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos.	B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	VSCB1.7.1. Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.	CSC CCL CSIEE	1º	2%	1%
			VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.	CSC CSIEE	1º	2%	1%
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS							
m	B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.	CCL CSC CSIEE	2º	2%	1%
			VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	CCL CSC	2º	2%	1%
			VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	CCL CAA CSIEE	2º	2%	1%
			VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.	CCL CSC	2º	2%	1%
b m	B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	CSC CCL	2º	2%	1%

OBX.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
e			VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	CAA CSIEE CSC CCL	2º	2%	1%
c m e	B2.3. A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.	CCL CSC	2º	2%	1%
			VSCB2.3.2. Aмосa interese polos seus interlocutores.	CCL CSC	2º	2%	1%
e m	B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas.	CCL CSC CSIEE	2º	2%	1%
			VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.	CCL CSC	2º	2%	1%
m	B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	CCL CSC CAA	2º	2%	1%
c m	B2.6.A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.6. Establecer relacións interpersonais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	CSC	2º	2%	1%
			VSCB2.6.2. Participa activamente en	CSC	2º	2%	1%

OBX.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
			actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	CSIEE			
a	B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.	B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.	CSC	2º	3%	1'5%
			VSCB2.7.2. Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.	CSC	2º	2%	1%
c m	B2.8. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo, amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSC CSIEE	2º	2%	1%
			VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC CSIEE	2º	2%	1%
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS							
b m	B3.1 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	B3.1 Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1 Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.	CSC CSIEE	3º	2%	1%
			VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	CSC CSIEE	3º	2%	1%
			VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	CSC CSIEE	3º	2%	1%
b	B3.2 A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación	B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia	VSCB3.2.1 Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA CSIEE	3º	2%	1%

OBX.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
	<p>equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.</p> <p>B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>positiva e amosando condutas solidarias.</p>		CSC			
			VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.	CAA CSIEE CSC	3º	2%	1%
			VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais	CAA CSIEE CSC	3º	2%	1%
			VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CSC	3º	2%	1%
			VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	CSC CSIEE CAA	3º	2%	1%
a	<p>B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.</p>	<p>B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</p>	VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula.	CSC CSIEE	3º	2%	1%
			VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar.	CSC	3º	2%	1%
c m	<p>B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade.</p>	<p>B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe</p>	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.	CSC CSIEE	3º	2%	1%
			VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	CCL CSC	3º	2%	1%

OBX.	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
		positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.	CSC CSIEE	3º	2%	1%
a	B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen.	VSCB3.5.1. Expón os dereitos básicos da infancia.	CSC CCL	3º	2%	1%
d m	B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC CSIEE CSC CSIEE	3º 3º	2%	1%
n	B3.8. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	B3.7. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.7.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. VSCB3.7.2. Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico VSCB3.7.3. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	CSC CSIEE CSC CCL CSC CCL CMCT CD	3º 3º 3º	2% 2% 2%	1% 1% 1%

4.2. INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN COMÚNS A TODAS AS ÁREAS.

Procedementos	Instrumentos
1.- Observación directa do traballo diario.	<ol style="list-style-type: none">1. Observación directa: comportamento, traballo, participación, coidado materiais, presentación dos cadernos.2. Proxectos persoais ou grupais.3. Elaboracións multimedia.4. Representacións e dramatizacións.5. Coloquios e debates.
2.- Análise e valoración das tarefas de avaliación.	<ol style="list-style-type: none">1. Probas de avaliación de contidos, por competencias e test.
3.- Valoracións cuantitativas e cualitativas dos avances individuais. Calificacións.	<ol style="list-style-type: none">1. Elementos de diagnóstico: indicadores de logro e/ou rúbricas das unidades.2. Os criterios de calificación valoraranse:<ul style="list-style-type: none">• 60% probas de avaliación.• 30 % diferentes traballos diarios.• 10 % comportamento.

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O proceso de ensino-aprendizaxe constrúese a través das intelixencias múltiples, mediante o traballo con diferentes tipos de textos, procura na rede, análise de imaxes, asimilación de contidos conceptuais, a través de actividades colectivas, individuais de maneira oral, informática, escrita, manipulativa, artística e creativa, mediante a experimentación, participación, motivación, personalización e globalización; haberá tarefas individuais, agrupamento flexible, gran grupo ou reducido, intentando reflectir e relacionar todo o proceso coa realidade, para así adquirir as diferentes competencias.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais que utilizarán serán os libros de texto, dicionarios, cadernos, fichas, libros de lectura, láminas, material de laboratorio, diferente material funxible, TIC's.

Os recursos humanos serán a mestra titora, mestres especialistas, de PT , o equipo de Orientación e a colaboración dos pais dos alumnos.

7. AVALIACIÓN.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel de competencias alcanzado polos alumnos.

Contamos cos seguintes procedementos de avaliación:

Procedementos de avaliación inicial: a avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro. Será realizada a través da observación e de diferentes actividades de ensino / aprendizaxe que permitan observar e comprobar tanto o desenvolvemento de contidos como de competencias en todo o alumnado. As actividades poderán ser tanto escritas, como manipulativas ou orais. Dita avaliación inicial permitirá deseñar a programación de aula, partir do nivel do alumnado e adaptar o proceso ás necesidades individuais de cada alumno/a. Os aspectos relevantes serán rexistrados por escrito e informarase as familias

Procedementos de avaliación continua: a avaliación continua será inherente á propia práctica docente. As propias actividades de ensino / aprendizaxe permitirán ir regulando o proceso, xestionando erros e afianzando éxitos. Utilizaremos diferentes instrumentos de avaliación, tales como probas escritas, demostracións prácticas,... En cada tarefa integrada ou proxecto avaliaremos os seus correspondentes estándares establecendo diferentes niveis de desempeño para cada alumno/a. En todas as áreas, excepto nas áreas de ciencias a avaliación é continua. Nas áreas de ciencias será trimestral, xa que son bloques de contidos cerrados.

Procedementos da avaliación final: a avaliación final ou sumativa virá dada polo perfil de área ou competencia, así como pola correspondente ponderación dos estándares. Nas áreas de ciencias, a nota final será a media das notas das avaliacións trimestrais dos alumnos.

7.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as partes e as funcións vitais do noso corpo. Nomear as etapas da vida e coñecer as súas características.
- Identificar os sentidos e os seus órganos, así como coñecer as partes principais destes, a información que recolle cada sentido e os hábitos saudables para coidalos.
- Identificar os diferentes grupos de alimentos. Saber o que son os nutrientes, clasificalos e sinalar para que se necesita cada un.
- Clasificar os animais en vertebrados e invertebrados e coñecer as características principais de cada un dos grupos.
- Identificar as partes das plantas e as súas características e coñecer as súas funcións.
- Coñecer a vexetación dos bosques, matogueiras, pradarias e desertos.
- Diferenciar entre animais acuáticos e terrestres e coñecer as súas características.
- Identificar animais e plantas de Galicia.
- Coñecer o concepto de materia e identificar as súas propiedades e estados.
- Coñecer os estados da auga e analizar os cambios que pode sufrir.
- Coñecer algúns tipos de enerxía, distinguir entre enerxía renovable e non renovable e manifestar a importancia de aforro da enerxía.
- Coñecer e practicar a regra dos tres erres.
- Saber o que é unha forza e definir a forza da gravidade.
- Saber o que son as máquinas, identificar os seus usos e diferenciar entre máquinas simples e complexas.

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñecer o Sistema Solar, identificando os diferentes astros que o forman e as súas características. Comprender e explicar o movemento de rotación e traslación da Terra.
- Coñecer as capas da Terra.
- Describir as diferentes formas de representar a Terra e diferenciar entre os distintos tipos de mapas.
- Situar nun planisferio os océanos e os continentes.

- Coñecer as características do aire.
- Comprender os distintos fenómenos atmosféricos e coñecer como se forman as nubes. Definir o concepto de clima e identificar os climas da Terra.
- Coñecer os estados da auga, os seus cambios e o seu ciclo e identificar os sitios da natureza onde nos atopamos auga.
- Analizar as características das paisaxes: relevo, elementos naturais e artificiais e conservación.
- Nomear as principais características da paisaxe de Galicia.
- Recoñecer as características das aldeas, vilas e cidades, así como o órganos de goberno dun municipio e os seus servizos.
- Distinguir os sectores nos que se clasifica o traballo: primario, secundario e terciario, e as características principais dos mesmos.
- Recoñecer os instrumentos e as unidades que se utilizan para a medición do tempo.
- Coñecer as etapas nas que se divide a historia.
- Coñecer a Prehistoria e a Idade Antiga de Galicia.

MATEMÁTICAS

- Ler, escribir, descompoñer, comparar e ordenar números naturais de cinco cifras.
- Coñecer os números ordinais ata o trixésimo noveno.
- Recoñecer e realizar sumas, restas, multiplicacións e divisións.
 - Resolver problemas e situacións sinxelas, de suma, resta, multiplicación e división da vida cotián.
 - Coñecer os números romanos e saber aplicar as súas regras.
 - Recoñecer, representar, ler, escribir e compara fraccións.
- Recoñecer e representar décimas e centésimas.
- Ler, escribir, descompoñer e realizar operacións con números decimais.
 - Coñecer e utilizar as unidades naturais de medida (palmo, pé, paso), e as de lonxitude, capacidade e masa e realizar estimacións e resolver problemas de medidas de lonxitude, tempo, capacidade e masa relacionadas con situacións da vida cotiá.
 - Ler e representar as horas en reloxos analóxicos e dixitais e resolver problemas reais onde aparezan as horas
 - Identificar, nomear, clasificar e trazar as liñas e figuras fundamentais.
 - Recoñecer, clasificar e medir ángulos.
- Buscar, interpretar e rexistrar datos numéricos para elaborar táboas e gráficos.
 - Presentar de forma clara, limpa e ordenada os cálculos, tamén os trazados de figuras xeométricas.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

- Coñecer e utilizar o vocabulario básico do nivel na expresión escrita e oral.
 - Recoñecer as unidades básicas da lingua e as principais clases de palabras (substantivos, artigos, adxectivos, pronomes persoais, determinantes e verbos).
 - Coñecer e utilizar correctamente as normas ortográficas propias do nivel.
 - Desenvolver habilidades de comprensión lectora.
- Interpretar e utilizar a linguaxe non verbal.
- Localizar información en diferentes fontes: dicionarios, libros, enciclopedias,..
 - Identificar os elementos rítmicos dun poema e empregar a rima consoante en pequenos poemas.
- Ler con fluidez, ritmo e entoación axeitados.
 - Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións.
- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para

comprender as mensaxes que se escoitan, atendendo a sinais relevantes coma o ton de voz ou os xestos e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.
Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.

Coñecer e reproducir textos de literatura oral, especialmente a popular.

Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.

Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.

Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.

Amosar iniciativa e interese pola lectura.

Valorar a lectura como fonte de diversión.

Presentar os seus traballos cunha caligrafía clara e limpa.

* Ademais en lingua galega considerárase como mínimos:

Identificar mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde e observar as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.

Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura galega.

Coñecer textos da literatura infantil galega (poesía, contos, cómics, ...) adecuados ao nivel, coa finalidade de disfrutar da lectura.

Comparar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.

Valorar a lingua galega e os recursos literarios da tradición oral.

PLÁSTICA

Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa e de forma individual.

Interese pola manipulación e pola exploración de materiais e de técnicas diversas.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

Traballar en equipo valorando o esforzo individual e colectivo.

Expresar as súas opinións, sentimentos e emocións.

Participar na resolución de conflitos.

Escoitar e respectar as opinións dos/as compañeiros/as, aceptando as diferenzas individuais.

Respecta as regras nos xogos e no traballo en equipo. Respecta as normas da aula e do colexio.

Colabora nas diferentes actividades que se propoñan dende a aula ou o colexio.

7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

	Cráterios
1. Traballo autónomo (aula e outros espazos).	<ul style="list-style-type: none">• Realización sen axuda externa.• Estimación do tempo empregado para resolver unha actividade.• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.• Orde e limpeza na presentación.• Caligrafía.
10%	

		<ul style="list-style-type: none"> • Destrezas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo da clase e o da casa. • Creatividade.
2. Probas orais e escritas.	60%	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo empregado/tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Tempo de realización. • Destrezas.
3. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...).	10%	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esforzo. • Interese.
4. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	10%	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e de como se fixo.
5. Dossier de traballo individual.	10%	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o dossier.

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DOS ALUMNOS/AS.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O claustro deste dentro, con carácter xeral, establece as seguintes normas na promoción ou non promoción entre os distintos cursos.

Promoción de curso:

Promocionará aquel alumno/a que obteña cando menos a cualificación de:

SUFICIENTE en todas as áreas.

Promocionará o/a alumno/a que, aínda que non obteña a cualificación de

SUFICIENTE en todas as áreas, xa permanecerá antes.

Non promocionará o/a alumno/a que teña a cualificación de INSUFICIENTE en dúas áreas, si estas son as das linguas (galego e castelán) ou ben unha área das citadas, lingua e matemáticas, e que ao mesmo tempo teña un desenvolvemento das competencias clave e un grao de madurez tal, que dificulten gravemente o seu traballo no seguinte curso.

O alumno con TEA será avaliado tendo en conta o seu nivel ao comezar o curso e como desenvolveu as súas competencias.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
2. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?				
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura, de comprensión e de expresión oral?				
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino / aprendizaxe?				
7. Préstase atención aos temas transversais?				
8. Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
10. Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, ...?				

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Atenderanse aos alumnos de maneira individualizada, na aula ordinaria e nas específicas, según as necesidades, tanto pola profesora titora como polos especialistas.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

En relación ás actividades complementarias sinalar que:

Participaremos nas celebracións de festas populares co Centro (Magosto, Entroido, Samaín, Maíos ...) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...).

Realizaremos visitas culturais, deportivas,...que se organicen ao longo do curso e que sexan de interese para o alumnado.

Acudiremos a actos culturais que nos ofrezcan dende os diferentes organismos do Concello de Ferrol.

En canto as tarefas extraescolares ou deberes en realidade só son actividades de auto aprendizaxe que lle serven ao neno para xestionar o seu propio aprendizaxe, ser responsable del e asumir as consecuencias.

Os pais deben darlles liberdade aos nenos nas súas tarefas e deixar que sexan os mestres os que corrixan as actividades e os que marquen as consecuencias de non habelos feito.

11. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Periodicamente revisarase:

A adecuación dos obxectivos didácticos e da selección de contidos, segundo o grao de consecución dos mesmos polo grupo de alumnos e alumnas.

Analizarase a pertinencia das actividades propostas para conseguir os obxectivos e competencias.

Revisarase as estratexias diversificadas para que dean resposta aos distintos ritmos de aprendizaxes dos alumnos e alumnas.

Procederase ao análise dos materiais empregados.

Nas reunións de coordinación intentarase mellorar a coordinación analizando o punto no que se atopa o grupo de aula.

Analizarase se as reunións que se manteñen coas familias son as adecuadas en cantidade e en calidade para que os pais se sintan motivados e apoiem o traballo dos fillos e fillas na casa e na aula.

Procederase tamén ao análise da distribución dos espazos na aula, de forma de buscar as posibles interaccións que posibiliten unha mellor adecuación ao traballo que se desenvolve.

12. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Na reunión de pais, por cursos, que se celebrará no mes de outubro, procederase a darlles conta da marcha do curso, con normas a seguir e orientacións cara ao estudo dos seus fillos e fillas.

Informaráselles dos criterios de promoción de curso, así como dos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas, indicándolles que teñen á súa disposición ditos documentos na secretaría do centro para poder miralos cando lles sexa preciso.

Así mesmo, informaráselles de como será a avaliación trimestral e de onde sairá a nota de cualificación trimestral.

Recordaráselles o horario de atención a país.

E, por último, pediráselles a súa colaboración e implicación para mellorar a calidade do ensino, coa intención de que se convertan en axentes activos do proceso de ensinanza / aprendizaxe dos seus fillos/as.

13.- BIBLIOGRAFÍA

- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria (LOMCE) na Comunidade Autónoma de Galicia. Para Plástica e todas as demais disciplinas.
- **Libros da Editorial Santillana**, proxecto “Saber Facer” das áreas:
 - Ciencias Naturais
 - Matemáticas
 - Ciencias Sociais
 - Lengua Castellana
 - Lingua Galega

